

**Acta da sesión extraordinaria de data 20 de xuño de 2017 do Pleno infantil do Concello de Moeche**

Na Casa do Concello de Moeche, ás 12.00 h, do 20 de xullo de 2017, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno infantil, ao que asiste o alumnado de educación primaria do CEIP San Ramón e parte do seu profesorado, baixo a presidencia da alcaldesa Beatriz Bascoy Maceiras e actúa de secretaria **Leticia Caaveiro Mera**.

Actúan como voceiras e voceiros dos seus respectivos cursos as seguintes persoas:

Inicia a sesión a alcaldesa dándolle a benvida á Casa do Concello a todos os presentes e animándoos a participar coas súas propostas no seu concello. A seguir a secretaria tomar nota das palabras dos diferentes representantes de cada curso.

**1 Intervención e proposta da representante 1º curso**

**Lidia Rico Gotti** expón a proposta consensuada polo seu grupo de 1 de educación primaria que di que consiste en establecer un sistema de “bibicletas públicas” e manifesta que no teñen porque ser gratuítas.

**2 Intervención e proposta da representante de 2º curso**

**Alba del Castillo Saíz** manifesta que o seu grupo quere presentar como complemento á idea expresada pola súa compañeira Lidia que se estableza un carril-bibi desde a escola ata o parque do Concello ou á feira.

**3 Intervención e proposta do representante de 3º curso**

**Luca Hasna-Petru Luca** traslada a proposta do seu grupo de que se amañe o parque infantil situado detrás da Casa do Concello.

**4 Intervención e proposta do representante de 4º curso**

**Daniel Moreno Cabrera** presenta a petición do seu grupo de que se arranxen os baños do patio cuberto.

**5 Intervención e proposta do representante de 5º curso**

**Joel Luaces González** indica que ao seu grupo lle gustaría que se instalase un cámping cerca das zonas culturais do Concello para traer turistas e crear traballo.

**6 Intervención e proposta do representante de 6º curso**

**Paula García Campos** traslada un conxunto de demandas en xeral que engloba o amanío de estradas, aumento de puntos de luz pública, sinais de tráfico, marquesiñas e beirarrúas.

Rematadas as intervencións do alumnado, toma a palabra a alcaldesa que agradece a participación e o traballo realizado. Coméntalles a alcaldesa que debe dar conta do realizado respecto das peticións presentadas polo alumnado na anterior sesión, o 18 de novembro.

Respecto da solicitude do carril bici e das bicicletas, manifestadas na sesión anterior por **Alberto Fernández e Erika Freire**, hoxe trasladada de novo, a alcaldesa indica que ten un elevado custo e que, polo tanto, débese valorar se vai ter moito uso ou non e a quen vai afecta, pois un concello coma Moeche ten que darlle prioridade aos gastos dos servizos básicos como luz pública, auga, lixo, a escola e ,sobre todo, benestar social xa que temos unha poboación envellecida. Pregúntalle ao alumnado quen vén a San Ramón fóra do horario escolar coa bici, para usar o carril-bici, ou sen ela todas as semanas, logo pregunta que vén cada 15 días. Responden moi poucos nenos e nenas, 5, e reflexionan sobre a falta de uso que ía ter esa instalación, que por outro lado requirirá un mantemento continuado. De todos xeitos, xa que é unha demanda colectiva, a alcaldesa comprométese a valorarala de cara ao futuro.

En referencia á petición de **Tomas González** de amañar as goteiras do pavillón municipal, a alcaldesa comunica que xa está aprobado o proxecto e que se vai cambiar todo o tellado do pavillón, amañar os baños, poñer portas novas, sanealo e pintalo cun investimento de 104.000,00€. Respecto ao parque infantil cóntalles que se mellorou o peche e que á volta do verán se contratará a mellora das instalacións.

Das peticións presentadas en novembro polo grupo de 4, da man de **Asier Ramil**, alcaldesa di que xa se instalaron unhas porterías no campo de fútbol ao lado do polideportivo, que tamén se pintou o campo aínda que é necesario volver remarcalas e que o portalón de acceso permanece aberto tal e como pediron no verán, polas tardes e nos períodos de vacacións (excepto cando comecen as obras do pavillón)

A solicitud presentada por **Marte Mera** de mellora da zona do patio que non entraron nas obras que se realizaron o ano pasado, a alcaldesa dilles que se fará pero que hai que agardar un pouco xa que se acaban de investir máis de 40.000€ no patio da escola e hai que atender outras zona que están en mal estado. De todas formas coméntalles que o Concello ten o compromiso de seguir mellorando o patio da escola coa substitución de columpios e xogos na zona dos maiores.

Por último, comenta o realizado en referencia a unha proposta presentada por **Noel Folgueira**, que pedira máis luces públicas e mellora de pistas. Dilles que nas asembleas veciñais que se realizan coas persoas adultas hai xente que se queixa de que hai moitas luces e se gasta de máis, que se puxeron puntos de luz preto de vivendas que non tiñan e se suprimiron outras onde había 3 e 4 puntos de luz para unha soa vivenda. Comenta que se substituirán luminarias por sistemas de luz que permiten un aforro, tanto de diñeiro como de contaminación lumínica. Respecto das pistas, trasládalle ao alumnado que no ano 2016 e primeiros meses se amañaron máis de 20 pistas e camiños que solicitaron os veciños e veciñas nas reunións co Concello.

Finalmente a alcaldesa anuncia que este ano se creará en Moeche o Consello Local da Infancia e Adolescencia para que as nenas e nenos teñan voz directa naqueles asuntos que lles afectan e que serán maioría nese Consello. Invítaos a todos e todas participar e desde ese Consello poder decidir so espectáculos infantís da Rede Cultural da Deputación en Moeche, as películas infantís a proxeclar, opinar sobre os parques, sobre o medio ambiente, as actividades ou sobre calquera asunto que lles afecte ou interese. Convídaos, tamén, a participar na biblioteca municipal e nas súas actividades.

Ás 12.45 horas remata a sesión da que se redacta esta acta asinada pola secretaria e a alcaldesa

A secretaria  
Leticia Caaveiro Mera

A alcadesa